

NUM-CONSULTA: V0003-18

ÓRGANO: SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO

DATA DE SAÍDA: 14.08.2018

NORMATIVA:

Artigo 6. Dous do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado aprobado polo Decreto Legislativo 1/2011, do 28 de xullo..

Artigo 55.2 a) da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e Cidades con Estatuto de Autonomía e modifícanse determinadas normas tributarias.

DESCRICIÓN-FEITOS:

O consultante e a súa esposa son titulares, baixo o réxime económico matrimonial de gananciais, dunha explotación mexilloeira composta por unha batea coa súa correspondente concesión administrativa e buque auxiliar.

Dada a indivisibilidade da explotación, pretenden facer entrega a un dos seus fillos da citada explotación ao amparo do disposto nos artigos 219 e seguintes da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, que regulan a chamada “ mellora de labrar e posuír”, establecendo de forma simultánea a obrigaón de compensar a cada un dos seus dous irmáns e tamén a cada un dos proxenitores cedentes na parte que se considere, de acordo co estipulado no artigo 221 da norma citada.

CUESTIÓN FORMULADA:

Primeira: A explotación recibida por un dos fillos tería a consideración de adquisición mortis causa a efectos do Imposto sobre Sucesións e Doazóns para os adquirentes e de entrega mortis causa a efectos do IRPF dos cedentes?

Segunda: O valor da devandita adquisición sería o resultado de minorar o valor total da explotación recibida no importe das compensacións que deban ser entregadas aos seus dous irmáns e aos seus pais?

Terceira: As compensacións recibidas polos dous irmáns en virtude deste acto terían tamén a consideración de adquisicións mortis causa a efectos do Imposto sobre Sucesións e Doazóns e, en consecuencia, tanto o adquirente da explotación como cada un dos seus dous irmáns poderían beneficiarse das reducións de 400.000 euros previstas no artigo 6.2.b) do Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado?

Cuarta: Que consideración a efectos tributarios terían as compensacións recibidas polos pais cedentes da explotación?

Quinta: No caso de que a compensación en metálico se aprace de acordo co disposto no artigo 221.2 da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, a garantía de cumprimento que debe outorgarse pode ser persoal ou require algunha outra cuestión formal que non aparece prevista na Lei para conservar os beneficios derivados da norma?

Sexta: No caso de que os dous fillos que deben recibir a compensación xa recibisen bens suficientes para cubrir a súa lexítima, o prazo de cinco anos indicado no artigo 221.2 da citada Lei 2/2006, de 14 xuño, de dereito civil de Galicia pode ser ampliado por acordo das partes, incluída a compensación dos pais, sen perder os beneficios inherentes á aplicación da norma indicada?

Sétima: Se finalmente se fai a entrega da explotación a un dos fillos establecendo unicamente a compensación aos seus dous irmáns, o valor da devandita adquisición a efectos do Imposto sobre Sucesións e Doazóns entenderíase minorado polas compensacións correspondentes aos seus dous irmáns e as compensacións recibidas por estes terían a consideración de

adquisicións mortis causa e poderían beneficiarse das reducións do artigo 6.2.b) do Decreto Legislativo 1/2011 xa citado?

CONTESTACIÓN COMPLETA:

En virtude das competencias atribuídas polo apartado 2.3 do artigo 5 do *Decreto 30/2017, do 30 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda*, indícolle que a súa consulta está relacionada coas seguintes disposicións legais:

O artigo 6. Dous do Decreto Legislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado (TRTCG) establece que:

Dous. Redución por parentesco.

Nas adquisicións por causa de morte, incluídas as dos beneficiarios de pólizas de seguros de vida, por razón do parentesco co causante, aplicarase a redución que corresponda das incluídas nos seguintes grupos:

a) Grupo I: adquisicións por descendentes e adoptados menores de 21 anos, 1.000.000 de euros, máis 100.000 euros por cada ano menos de 21 que teña o causahabente, cun límite de 1.500.000 euros.

b) Grupo II: adquisicións por descendentes e adoptados de 21 anos ou máis e menores de 25, 900.000 euros, menos 100.000 euros por cada ano maior de 21 ata 24; de 25 anos ou máis, cónxuxes, ascendentes e adoptantes, 400.000 euros.

c) Grupo III: adquisicións por colaterais de segundo e terceiro grao, e ascendentes e descendentes por afinidade, 8.000 euros.

d) Grupo IV: nas adquisicións por colaterais de cuarto grao, graos máis distantes e estraños, non haberá lugar a redución.

Ademais hai que ter en conta que segundo o artigo 55.2 a) da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e Cidades con Estatuto de Autonomía e modifícanse determinadas normas tributarias, non son obxecto de delegación nas CCAA a contestación das consultas reguladas nos artigos 88 e 89 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, salvo no que se refira á aplicación das disposicións ditadas pola Comunidade Autónoma no exercicio das súas competencias.

Con base nas disposicións citadas, e acerca da consulta formulada infórmolle que:

1. A primeira cuestión exposta refírese, por unha banda, ao feito imponible do imposto sobre sucesións e doazóns e, doutra banda, ao feito imponible do imposto sobre a renda das persoas físicas, materia na que a Comunidade Autónoma de Galicia carece de competencias polo que en aplicación do disposto no artigo 55.2.a) da Lei 22/2009, este centro directivo infórmalle que o órgano competente para a súa contestación é a Dirección Xeral de Tributos do Ministerio de Facenda.
2. A segunda cuestión obxecto de consulta fai referencia á base imponible do imposto sobre sucesións e doazóns, materia sobre a que a Comunidade Autónoma de Galicia tamén carece de competencia, polo que do mesmo xeito que no punto anterior, o órgano competente para a súa contestación é a Dirección Xeral de Tributos do Ministerio de Facenda.
3. A primeira parte da terceira cuestión, volve referirse ao feito imponible do imposto sobre sucesións e doazóns e por tanto, tal e como se recolle no punto primeiro, a contestación sobre a mesma corresponde á Dirección Xeral de Tributos do Ministerio de Facenda.

Respecto da segunda parte, referente á posibilidade de aplicar a redución por parentesco regulada no artigo 6.dous, letra b) do TRTCG, dependerá da cualificación que a Dirección Xeral de Tributos faga das adquisicións. Resultará aplicable a redución por parentesco, unicamente se ditas adquisicións se encadran dentro do feito imponible regulado na letra a) do

artigo 3.1 da Lei 29/1987, do 18 de decembro do imposto sobre sucesións e doazóns (LISD).

4. A cuarta cuestión versa novamente sobre unha materia na que a Comunidade Autónoma de Galicia carece de competencias para a súa contestación, sendo o órgano competente, en aplicación do disposto no artigo 55.2.a) da Lei 22/2009, a Dirección Xeral de Tributos do Ministerio de Facenda.
5. Respecto das cuestións quinta e sexta, o beneficio fiscal obxecto de consulta, é dicir, a redución por parentesco regulada no artigo 6.dous, letra b) do TRTCG, terá aplicación, sen outras restricións que as previstas no propio artigo, é dicir, existencia de parentesco co causante e que a adquisición sexa por herdanza, legado ou calquera outro título sucesorio que constitúa feito imponible do imposto sobre sucesións e doazóns regulado no artigo 3.1 letra a) da LISD.
6. Por último respecto da sétima cuestión, tal e como lle informo nos puntos segundo e terceiro, esta comunidade autónoma carece de competencia para pronunciarse sobre esas materias, correspondendo dita facultade á Dirección Xeral de Tributos do Ministerio de Facenda.

O que lle comunico con efectos vinculantes, conforme ao disposto no apartado 1 do artigo 89 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.